

XIDE = OPORTUNIDADE PERDIDA

O SERGAS implanta o **protocolo de XESTIÓN INTEGRAL DA DEMANDA EN EQUIPO (XIDE)** como unha ferramenta que ten por obxectivo regular a accesibilidade da poboación aos Servizos de Atención Primaria a través da consulta a demanda, dirixindo a demanda cara á/ao profesional que poida resolvela, **algo que, a priori, puidera parecer un sistema áxil e resolutivo, remata converténdose nun problema mais que nun beneficio.**

Para a **CIG-SAÚDE**, o SERGAS ten que ter en conta que a incorporación de novos protocolos asociados a programas informáticos **necesitan persoas para o seu manexo**, e que os programas informáticos non van a substituír ás persoas que traballan nas áreas administrativas, senón que **incorporan unha nova tarefa que consume tempo de traballo.**

CIG-SAÚDE xa denunciou isto no último Consello técnico de Atención Primaria celebrado o 16 de febreiro de 2022.

Desde CIG-SAÚDE denunciámos que as áreas administrativas dos centros de saúde están infradotadas de persoal. Nos últimos anos son múltiples as funcións e programas informáticos que asumiu este colectivo, sen recibir a formación necesaria, sen ter unha persoa de referencia para consultar as dúbidas, e sen incorporación de persoal.

E un aspecto grave: as áreas administrativas, incluídas as dos centros de nova creación, **non garanten a privacidade das usuarias.**

Ademais, **a posta en marcha do XIDE degrada a profesión enfermeira**, xa que dirixe unha parte da demanda a esta categoría sen ter desenvolvidos os protocolos que dan soporte aos procesos finalistas. Isto tradúcese en que a enfermería fai unha triaxe da demanda médica e non **as actividades propias da súa carteira de servizos.**

O SERGAS debe **desenvolver os protocolos que dan soporte aos procesos finalistas** e medir o incremento na carga de traballo das enfermeiras que ocasiona a aplicación destes protocolos e como consecuencia **dotar co persoal necesario os cadros de persoal de enfermería.**

Por todo isto **CIG-SAÚDE** esixe ao SERGAS que **DETEÑA A IMPLANTACIÓN DO XIDE EN TANTO NON SE GARANTA:**

- unha dotación axeitada de RRHH
- a confidencialidade e intimidade das pacientes
- o desenvolvemento dos procesos finalistas e protocolos de enfermería.

